Capítulo 4.- O mercado de traballo de coidados

4.1.- Datos e fontes secundarias de información

Os cambios demográficos (como o aumento da esperanza de vida e as modificacións na organización dos fogares) e lexislativos en materia de política social (sobre todo desde a implementación da LAPAD) e atención ás persoas propiciaron, nomeadamente na última década, un incremento substancial do traballo remunerado de coidado dirixido a persoas dependentes. Como se observará ao longo deste capítulo, o ámbito dos coidados de longa duración, en particular orientados a persoas con dependencia, constitúe un xacemento de emprego relevante e en crecemento vinculado, ademais, a necesidades sociais reais.

A pesar da importancia estratéxica deste sector, o seu emprego enmárcase nun contexto de mercado altamente feminizado, flexibilizado e con elevadas taxas de temporalidade (Tobío *et al.,* 2010), con condicións laborais marcadas pola rotación e os baixos salarios. A falta de claras barreiras formativas de entrada ao traballo de coidados, ademais, contribuíu á precarización e ás dificultades da súa profesionalización. Estimar cuantitativamente o volume do traballo de coidados resulta unha tarefa complicada. Sobre todo, cando se fai referencia ao traballo de coidados a domicilio. Á inexistencia dunha definición concreta sobre as tarefas consideradas como "coidados", úneselle tamén a complicación de determinar os diferentes espazos desde os que se prové atención. Para definir estas esferas e as categorías ocupacionais que están nelas, utilizamos dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) e mais os datos de afiliación á Seguridade Social.

A enquisa de poboación activa é unha operación estatística realizada polo Instituto Nacional de Estatística desde o ano 1964. Desenvólvese de maneira trimestral, polo que, en cada ano, esta enquisa se realiza en catro ocasións. Para obter os datos anuais, calculouse a media das cifras obtidas no catro cuadrimestres. Esta opción permite minimizar as variacións nos datos debido ao compoñente estacional do emprego. Está dirixida á poboación que reside en vivendas familiares do territorio nacional e a súa finalidade é pescudar as características desta poboación en relación co mercado de traballo. En particular, a finalidade principal da EPA é coñecer a actividade económica no relativo ao seu compoñente humano. Está orientada a ofrecer datos das principais categorías poboacionais en relación co mercado de traballo (persoas ocupadas, paradas, activas, inactivas) e a obter clasificacións destas categorías segundo diversas características. Tamén posibilita confeccionar series temporais homoxéneas de resultados. Por último, ao seren as definicións e os criterios utilizados coherentes cos establecidos polos organismos internacionais que se ocupan de temas laborais, permite a comparación con datos doutros países. A EPA permite obter resultados detallados para o conxunto nacional. Para as comunidades autónomas e as provincias ofrécese información sobre as principais características co grao de desagregación que permite o coeficiente de variación dos estimadores. A principal vantaxe desta fonte de información é que ofrece información detallada sobre características sociais e demográficas dos traballadores ao mesmo tempo que inclúe tanto o emprego rexistrado como o emprego en situación

irregular (aínda que a EPA non debe considerarse como un instrumento para medir a economía somerxida).

As cifras de traballadores afiliados á Seguridade Social complementan a información rexistrada pola EPA. Neste caso, estamos ante unha fonte administrativa, é dicir, recolle datos de rexistros administrativos e, por tanto, inclúe unicamente a situación de persoas ocupadas afiliada, isto é, aquelas que conforman o emprego regular. A complementariedade en ambas as fontes é interesante porque nos permite estimar, dalgunha maneira, a capacidade que teñen os sectores de actividade relacionados coa dependencia na xeración de emprego e permite asemade achegarnos ás tendencias do emprego irregular neste ámbito. A principal limitación desta base de datos é que non inclúe información sobre as ocupacións detalladas dos traballadores, senón que unicamente incorpora os datos por sector de actividade.

A estimación do traballo de coidados realizouse seguindo dúas dimensións. Por unha banda, tendo en conta as actividades dos establecementos en que os/as traballadores/as están incluídos. Neste sentido, a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) recolle tres categorías relacionadas co traballo de coidados que son as seguintes: (i) a categoría 87 que inclúe a "Asistencia en establecementos residenciais" nas súas subcategorías 871 (Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios), 872 (Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia) e 873 (Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores e con discapacidade); (ii) a categoría 88 que inclúe as "Actividades de servizos sociais sen aloxamento" na súa subcategoría 881 (Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores); (iii) a categoría 97 que inclúe as "Actividades en fogares como empregadores servizo doméstico" na súa subcategoría 970 que ten a mesma denominación. Por outra banda, estúdase o traballo de coidado tendo en conta as ocupacións que os/as traballadores/as desempeñan en cada unha destas actividades. As ocupacións directamente relacionadas co traballo de coidados e que se recollen na Clasificación Nacional de Ocupacións son as seguintes: auxiliares de enfermaría (categoría 561), traballadores de coidados de persoas a domicilio excepto coidadores de nenos[1] (código 571) e empregados domésticos[2] (código 910). A seguinte táboa recolle esquematicamente esta desagregación:

[1] As traballadoras dos coidados persoais a domicilio prestan coidados persoais rutineiros e axudan en actividades da vida diaria a persoas que requiren deste tipo de asistencia debido á idade, enfermidade, lesións ou outro tipo de indisposición física ou mental en casas particulares. Os/as traballadores/as desta categoría non teñen ningunha supervisión adicional por parte de persoal médico ou outros profesionais da saúde.

[2] Segundo a Domestic Workers Convention que tivo lugar en 2011, esta agrupación fai referencia "ás actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico tales como criadas, cociñeiros, camareiros, axudantes de cámara, mordomos, lavandeiros, xardineiros, gardiáns, choferes, coidadores, institutrices, canguros, titores, secretarias etc."

Táboa 4.1.- Actividades e ocupacións relacionadas co traballo de coidados no ámbito da dependencia

ACTIVIDADE PRINCIPAL DO ESTABLECEMENTO	OCUPACIÓNS DE COIDADOS
Asistencia en establecementos residenciais (código 87): - Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios (código 871) - Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia (código 872) - Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores e con discapacidade (código 873) Actividades de servizos sociais sen aloxamento (código 88): - Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores (código 881) Actividades en fogares como empregadores servizo doméstico (código 97 e código 970)	Auxiliares de enfermaría (código 561) Traballadores de coidados persoas a domicilio (excepto coidadores de nenos) (código 571) Empregados domésticos (código 910)

Fonte: Elaboración propia a partir do Código Nacional de Actividades Económicas e do Código Nacional de Ocupacións

A situación irregular das traballadoras do servizo doméstico impide ter datos fiables para a análise e, ademais, consideramos como traballo de coidados aquel que está dirixido tanto ás tarefas de atención persoal como ás tarefas domésticas derivadas das necesidades da esta asistencia. Posto que, no conxunto de actividades domésticas, non poden desagregarse as que están destinadas especificamente aos coidados persoais, os datos que presentamos sobre asistencia persoal van facer referencia, na súa maioría, ao servizo doméstico en termos xerais. Por tanto, os datos que se presentan nas seccións seguintes só pretenden ofrecer unha panorámica imperfecta do emprego remunerado neste sector. En particular, analízanse os datos de afiliación á Seguridade Social nas actividades que, xeralmente, se consideraron vinculadas ao sector.

Para profundar na análise, estúdanse tamén as enquisas de poboación activa, que, por unha banda, permiten un maior nivel de especificidade nas actividades consideradas e, pola outra, posibilitan aproximarnos aos atributos e ás características fundamentais das traballadoras e dos postos de traballo do sector. Sinaladamente, tentarase distinguir entre o coidado prestado nos centros residenciais e o coidado realizado nos fogares, e este á súa vez pode ser provisto mediante empresas e outras organizacións ou contratado a través do servizo doméstico. Esta diferenciación permite evidenciar a existencia de distintos segmentos do mercado laboral que se caracterizan, entre outros factores, polos niveis de profesionalización e formación. A seguir, valórase o papel da implementación da Lei de dependencia en termos de xeración de emprego. Mediante un modelo de coeficientes

fixos de emprego, téntase estimar o número de postos de traballo asociados, de forma directa ou indirecta, ao SAAD.

4.2.- Unha exploración do traballo de coidados desde unha perspectiva das actividades dos establecementos en que se desenvolve

Como primeira aproximación á análise do emprego neste sector explóranse neste apartado a evolución dos datos de afiliación á Seguridade Social. Por tanto, as cifras que se presentan nesta sección fan referencia aos rexistros administrativos que contabilizan ás persoas ocupadas de maneira regular, é dicir, aquelas que cotizan á Seguridade Social. Esta fonte de datos non permite desagregar as actividades das empresas segundo a ocupación dos seus traballadores polo que unicamente se incorporan as cifras relacionadas con establecementos que prestan (i) Asistencia en establecementos residenciais (código 87) e (ii) Actividades de servizos sociais sen aloxamento (código 88), ambas incluídas da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). O seguimento de ambas as actividades constitúe o indicador principal de emprego no sector de coidados do Sistema de Información do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SISAAD).[3] Nas dúas categorías están incluídas todas as ocupacións relacionadas cos servizos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (Lei de dependencia), xunto ás propias dos servizos sociais. Ao considerar grupos de actividades relativamente amplos, ofrécese unha visión panorámica inicial de todas as ocupacións que, directa ou indirectamente, están relacionadas coa atención ás persoas.

As divisións 87 e 88 da CNAE constitúen un segmento moi relevante do chamado "emprego branco", é dicir, das ocupacións vinculadas ao coidado e á atención á dependencia. Outras actividades, caso das sanitarias ou das actividades dos fogares como empregadores domésticos, tamén son relevantes para o estudo da prestación de coidados a as persoas, e trataranse de forma separada. Con todo, as divisións 87 e 88 da CNAE son as que se consideraron habitualmente na estimación da xeración de emprego formal vinculada ao SAAD e ao coidado social.[4]


O gráfico que se presenta a seguir mostra a evolución da afiliación á Seguridade Social nas divisións 87 e 88 durante a última década en Galicia. Neste período, o número de persoas afiliadas nestas divisións case chegou a duplicarse, cun incremento de 15.963 en

[3] A partir do segundo trimestre de 2020, esta información sobre emprego foi substituída por unha análise máis detallada no "Informe trimestral de emprego en Servizos Sociais" do Imserso.

[4] Cabe observar, ademais, que dentro do sector Servizos Sociais se encadran tamén os "coidadores non profesionais", cuxo convenio especial coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) está regulado polo RD 615/2007. Estes coidadores non profesionais son aqueles familiares que reciben a "Prestación económica para coidados na contorna familiar da LAPADE". A partir do Real decreto lei 20/2012, non osbtante, as cotas deixaron de aboarse pola Administración xeral do Estado e o seu financiamento por parte da AXE non se recuperou ata a entrada en vigor do Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Por mor destas modificacións, o número de afiliados como coidadores non profesionais diminuíu de forma considerable e é, hoxe en día, residual.

2009 a 27.516 persoas afiliadas en 2019. En termos de crecemento, as dúas divisións presentan o mesmo padrón. Ademais, con respecto ao peso relativo destas divisións en termos de emprego en Galicia, é dicir, do número de persoas afiliadas á Seguridade Social nestas divisións con respecto ao total de persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia, obsérvase un incremento de 1,2 puntos porcentuais, ata o 2,8% de todas as afiliacións no ano 2020 (valores, neste caso, estimados). Estes datos confirman que o sector constitúe xa un amplo xacemento de emprego, cunha clara tendencia ao crecemento.

Gráfico 4.1.- Evolución persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia en divisións CNAE 87 e 88 (Asistencia en establecementos residenciais e Actividades de servizos sociais sen aloxamento) e porcentaxe sobre o total de afiliados e afiliadas en Galicia. Anos 2009-2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á Seguridade Social. Nota: datos anuais estimados a partir da afiliación mensual a último día de mes desde xaneiro ata setembro de 2020 incluído

Aínda que se observe unha tendencia similar, o peso do sector varía moito entre provincias de Galicia (gráfico 4.2). Ourense é a provincia con maior proporción de persoas afiliadas ás divisións 87 e 88, seguida de Lugo, A Coruña e Pontevedra. De feito, entre as provincias de Ourense e Pontevedra hai unha diferenza de máis de 2 puntos porcentuais. Sexa como for, obsérvase en todas as provincias o mesmo padrón de crecemento do peso do sector, medido como cota das afiliacións nas divisións consideradas sobre o total de afiliacións. As provincias diferéncianse tamén polo que respecta á proporción de persoas afiliadas na división 87 con respecto á 88 (gráfico 4.3), é dicir, no que ten a ver co peso da asistencia en centros residenciais *versus* os servizos sociais sen aloxamento. En particular, a asistencia en establecementos residenciais é moito máis preponderante na provincia de Ourense, mentres que nas demais provincias de Galicia o peso relativo das dúas actividades é máis equilibrado. A maior afiliación na provincia de Ourense non se pode explicar só pola diferente estrutura etaria da poboación (gráfico 4.4). De feito, a mesma ordenación de provincias de acordo co número de persoas


afiliadas ás divisións 87 e 88 mantense cando se considera a ratio entre persoas afiliadas e poboación de 65 ou máis anos de idade.

Gráfico 4.2.- Porcentaxe de traballadores afiliados nas divisións CNAE 87 e 88 sobre o total de afiliados por provincias de Galicia. Anos 2009-2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á Seguridade Social


Gráfico 4.3.- Porcentaxe de persoas afiliadas na división CNAE 87, sobre o total de persoas afiliadas nas divisións CNAE 87 e 88, por provincias de Galicia. Anos 2009-2019



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á Seguridade Social

Con respecto a esta ratio, obsérvase unha tendencia crecente nas catro provincias ao longo da última década, ata un mínimo de 37 (Lugo) e un máximo de 46 (Ourense) persoas afiliadas nas divisións 87 e 88 por cada 1000 persoas de 65 ou máis anos. Estes datos apuntan a unha cobertura cada vez maior das necesidades de asistencia e coidado mediante relacións contractuais e traballo remunerado.

Gráfico 4.4.- Número de persoas afiliadas nas divisións CNAE 87 e 88, por cada 1000 persoas de 65 ou máis anos, por provincias de Galicia. Anos 2009-2020 (Nota: valores estimados)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á Seguridade Social

As divisións 87 e 88 da Clasificación Nacional de Actividades Económicas, que se utilizaron habitualmente para o estudo do emprego no sector, engloban actividades que non sempre están perfectamente axustadas ao ámbito da dependencia. Así mesmo, os datos de afiliación á Seguridade Social non consideran todo o emprego no sector, como, por exemplo, o emprego irregular. Co fin de paliar estas limitacións, estímanse a continuación os niveis de ocupación a partir das enquisas de poboación activa. A EPA, ao ser unha enquisa, non descarta as persoas que traballan nunha situación irregular.[5] Ademais, utilízanse os datos dispoñibles acerca da clasificación de actividades económicas para excluír do cómputo aquelas actividades con menor relación co sector. En particular, os datos que se presentan a continuación fan referencia aos seguintes códigos de actividades económicas da CNAE-09:

- 871: Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios;
- 872: Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade;
- 873: Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores e con discapacidade física;
- 881: Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade.

A consideración destes códigos implica a exclusión de "Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais" (código 879), das "Actividades de coidado diúrno de nenos" e de "Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento n.c.n.p." (incluídas no código 889). A exclusión destas actividades económicas é especialmente relevante para a división de actividade 88 (actividades de servizos sociais sen aloxamento). De acordo coas estimacións realizadas a partir das EPA do ano 2019, a porcentaxe estimada de persoas ocupadas na actividade 879 con respecto ao total da división 87 era de pouco superior ao 13%. Con todo, as persoas ocupadas na actividade 889 sumaban case o 55% do total das persoas ocupadas na división 88. Estes datos indican que a información sobre emprego no sector que utiliza só as divisións 87 e 88 da CNAE carece dun axuste laxo co ámbito da dependencia. Estas consideracións atoparon moi recentemente unha resposta no novo "Informe trimestral de emprego en Servizos Sociais" do Imserso. A partir do segundo trimestre do ano 2020, o informe exclúe as actividades con códigos 879 e 889 na presentación de datos sobre emprego vinculado á dependencia.

[5] A EPA non descarta o traballo irregular, pero tampouco o inclúe na súa totalidade. Por tanto, é importante ter en conta que parte do traballo irregular queda excluído da análise que se presenta nesta sección.

Táboa 4.2.- Número de persoas ocupadas nas actividades relacionadas co ámbito da dependencia. Estimación a partir de datos da EPA. Galicia, 2015-2019

	2015	2016	2017	2018	2019
Asistencia en establecementos residenciais	13.909	13.733	15.054	15.194	15.629
Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade	6.376	7.910	7.201	10.224	10.598
Total	20.285	21.643	22.255	25.418	26.227

Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, media anual

A táboa 4.2 presenta o crecemento, durante os últimos cinco anos, do número estimado de persoas ocupadas nas actividades relacionadas co ámbito da dependencia. Como se pode observar, hai diferenzas con respecto á análise da afiliación nas divisións 87 e 88 da CNAE. En primeiro lugar, o número estimado de persoas ocupadas, a pesar da exclusión dalgunhas actividades, resulta superior ao de afiliacións á Seguridade Social. Esta circunstancia está explicada polas coñecidas diferenzas metodolóxicas entre as dúas fontes. Segundo, con respecto ao crecemento do número de persoas ocupadas estimadas a partir da EPA, a tendencia é moi parecida á do número de persoas afiliadas. Entre 2015 e 2019, o aumento do número de afiliados e afiliados á Seguridade Social foi do 28,2%; de forma similar, o número estimado de ocupados no sector (sen considerar as actividades 879 e 881) creceu dun 29,3%. Terceiro, os datos da EPA revelan tendencias distintas con respecto ás actividades de asistencia residenciais *versus* os servizos sociais sen aloxamento. De acordo cos datos de afiliación, os ocupados nos servizos de asistencia residencial aumentaron do 29,3% durante o últimos cinco anos, mentres que os servizos sociais, do 38,8%. As estimacións obtidas a partir dos datos da EPA, despois de excluír as actividades non relacionadas, poñen en evidencia un crecemento relativo moi superior dos servizos sen aloxamento. O aumento do emprego na asistencia residencial creceu do 12,4%, fronte ao 66,2% dos servizos sociais sen aloxamento.

Estas tendencias reflicten unha repartición do emprego entre actividades distinto ao previamente observado mediante os datos de afiliación. Segundo os datos da EPA, o emprego en asistencia residencial pasou de constituír o 68,6% en 2015 ao 59,6% no ano 2019, cunha diminución de case nove puntos porcentuais. Con todo, os datos de afiliación apuntaban a unha diminución moito menor da asistencia residencial (de 2,2 puntos porcentuais), e un peso menor do conxunto destas actividades, que pasou do 47,8% no 2015 ao 46,6% en 2019.

Os datos da EPA tamén permiten analizar a contribución relativa do sector público e do sector privado (táboa 4.3). O sector privado foi sempre o maior empregador do sector. Ademais, obsérvase unha diminución da porcentaxe estimada de asalariados do sector público nas actividades consideradas, que baixou do 19,5% ao 13,0% durante o últimos cinco anos. A gran maioría dos asalariados do sector público traballan na administración da comunidade autónoma (estímase ao redor do 60% no ano 2019) ou en administracións locais (ao redor do 40%).

Táboa 4.3.- Porcentaxe de persoas ocupadas en actividades relacionadas coa dependencia, segundo a súa situación profesional

	2015	2016	2017	2018	2019
Empresario con asalariados	1,0%	0,4%	-	0,3%	0,1%
Traballador independente ou empresario sen asalariados	0,9%	3,0%	1,2%	0,5%	0,2%
Asalariado sector privado	78,6%	83,2%	81,9%	80,9%	86,6%
Asalariado sector público	19,5%	13,4%	16,9%	18,2%	13,1%


Fonte: Elaboración propia a partir de EPA, media anual

En conclusión, tanto os datos de afiliación á Seguridade Social como as estimacións do número de ocupados no sector mediante a EPA (excluíndo as actividades menos relacionadas co ámbito da dependencia) poñen en evidencia a importancia estratéxica deste sector para a xeración de emprego en Galicia. A maior parte dos postos de traballo están vinculados á asistencia en servizos residenciais, aínda que esta actividade está a perder peso a favor dos servizos sociais sen aloxamento para as persoas maiores e con discapacidade. De feito, é esta última actividade a que concentra gran parte do crecemento do volume de emprego. Finalmente, o sector privado xoga un papel fundamental no sector en canto maior empregador, mentres que o emprego nas administracións públicas está a perder peso. Neste sentido, obsérvase un incremento do número de traballadoras e traballadores remunerados, tanto en termos absolutos como en relación co número de persoas maiores de 65 anos. Este crecemento do emprego prodúcese nun contexto de redución do peso das actividades de asistencia en centros residenciais (posiblemente vinculado á maior cobertura das necesidades de persoas dependentes nos seus fogares mediante o coidado formal), e dun incremento progresivo do peso do sector privado.

As actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico

Co fin de incluír todo o traballo de coidado na análise, é importante considerar tamén o servizo doméstico. A pesar de non poder illar, cos datos dispoñibles, as tarefas de coidado, é importante observar que a gran maioría das persoas contratadas polos fogares desempeñan algún emprego que, de forma directa ou indirecta, se pode enmarcar na atención e ao coidado persoal. O gráfico seguinte (gráfico 4.5) presenta a evolución do número de persoas afiliadas nas actividades dos fogares como empregados de persoal doméstico. Como se observará máis adiante, de acordo cos datos da EPA, ao redor do 12% das persoas incluídas nesta división está ocupadas directamente como traballadores/as dos coidados persoais a domicilio (excepto coidadores/as de nenos), e outro 82%, como empregados/as domésticos/as.

Gráfico 4.5.- Evolución das persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia na división CNAE 97 (Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico) e porcentaxe sobre o total de afiliados e afiliadas en Galicia. Anos 2009-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de afiliación á Seguridade Social. Nota: datos anuais estimados a partir da afiliación mensual a último día de mes desde xaneiro ata setembro de 2020 incluído

O número de persoas afiliadas á Seguridade Social medrou de forma substancial no período (4.448 persoas afiliadas adicionais, por un incremento acumulado do 21,0%), aínda que se observa unha tendencia decrecente ao longo dos últimos catro anos. O peso relativo en termos de porcentaxe con respecto ao total de afiliados/as, con todo, non variou de forma substancial, aínda que este dato só apunte a un maior crecemento relativo doutros sectores.


A pesar de que non todo o traballo contratado polos fogares teña relación directa co coidado, a comparación coas actividades residenciais e de servizos sociais pon en evidencia a súa importancia. Fronte ás 26.977 afiliacións no ano 2019 nas divisións 87 e 88, a división 97 suma por si soa 26.695. A falta de datos que permitan analizar de forma apropiada a relación entre servizo doméstico e coidado é por tanto unha limitación importante, que as institucións públicas e privadas interesadas deberían tentar emendar.

Nos apartados seguintes, a partir dos últimos datos dispoñibles das EPA, ofrécese unha visión máis detallada da situación do emprego nas actividades vinculadas ao ámbito da dependencia. É importante entender que ocupacións se enmarcan nestas actividades e mais as características fundamentais dos postos de traballo.

4.3.- O traballo de coidados desempeñado nos establecementos residenciais

O traballo de coidados desempeñado en establecementos residenciais inclúe un gran abano de ocupacións, as máis delas relacionadas coa atención directa ás persoas, aínda que tamén inclúe algunhas que prestan atención indirecta, como é o caso das ocupacións relacionadas coa limpeza e a elaboración de comidas. De acordo coas estimacións realizadas a partir da EPA do ano 2019, os e as auxiliares de enfermaría constitúen o maior grupo ocupacional nos establecementos residenciais (50,1%), seguidas de técnicos auxiliares de farmacia e emerxencias sanitarias (14,0%), persoal de limpeza (8,3%), e cociñeiros e axudantes de cociña. Estas ocupacións acumulan aproximadamente o 80% do emprego nas actividades analizadas tal e como pode observarse no seguinte gráfico.

Gráfico 4.6: Distribución estimada das ocupacións nas actividades económicas CNAE 871, 872 e 873. Galicia, ano 2019




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Pódense distinguir claramente dous grandes grupos ocupacionais: os servizos profesionais especializados e os de asistencia indirecta, limpeza e elaboración de comidas. Esta circunstancia reflíctese na distribución de niveis formativos (gráfico 4.7). Por unha banda, salienta a porcentaxe de persoas ocupadas con estudos primarios, secundarios incompletos ou algún certificado de profesionalidade (24,2%) e, pola outra, o de ensinanzas de formación profesional de grao medio e superior (47,0%). Así mesmo, as persoas ocupadas con estudos universitarios alcanzan o 20,4% desta poboación. Para contextualizar estes datos, cabe lembrar que, en Galicia, no mesmo ano 2019, a porcentaxe estimada de ocupados con estudos de formación profesional era igual ao 17,7%, mentres que os que alcanzaran estudos universitarios, o 17,8%. É evidente que aquí se mesturan ocupacións e perfís profesionais moi distintos, como se discutirá máis

adiante, e que esta circunstancia implica unha clara división dos niveis de formación por tipo de empregos.


Gráfico 4.7. Distribución estimada dos niveis de formación de empregados e empregadas nas actividades 871, 872 e 873. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Con respecto ás características das persoas ocupadas, a porcentaxe estimada de mulleres empregadas nesta actividade supera o 90% (93,8%). Ademais, a porcentaxe de persoas que só deteñen a nacionalidade española é inferior ao l90% (87,4%), como se representa no gráfico 4.8. Unha gran proporción destas traballadoras ten nacionalidade de países extra-europeos (55,8%), principalmente de América do Centro e Sur. Ademais, cabe destacar que as persoas con nacionalidades distintas á española se concentran case completamente no sector privado. Fronte á porcentaxe observada de mulleres con nacionalidades distintas á española que traballan nestas actividades, a poboación estranxeira residente en Galicia no ano 2019 representaba o 3,7% da total.


Gráfico 4.8. Nacionalidade de ocupados e ocupadas nas actividades CNAE 871, 872 e 873. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Con respecto ás características da súa relación laboral (gráfico 4.9), a taxa de temporalidade está por riba da media de Galicia, onde se estima que o 73,5% das persoas ocupadas ten un contrato indefinido. Para as persoas ocupadas na actividade de asistencia en servizos residenciais, con todo, esta porcentaxe baixa ata o 66,0%. É dicir, estímase unha taxa de temporalidade do 34,0%, relacionada principalmente cos contratos para cubrir ausencias doutras traballadoras, e aos contratos temporais por obra e servizo determinado. Os datos analizados das EPA dos anos anteriores permiten concluír que a elevada temporalidade é unha característica estrutural do sector.

Gráfico 4.9. Distribución estimada de contratos indefinidos e temporais de empregados e empregadas nas actividades CNAE 871, 872 e 873. Galicia, ano 2019




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Entre as persoas ocupadas nas actividades residenciais salienta un grupo de ocupacións caracterizadas por un maior nivel de profesionalización, o de auxiliares de enfermaría, e auxiliares de farmacia e emerxencias sanitarias e outros traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde (códigos 561 e 562 da CNO). Este grupo representa case o 65% do emprego nas actividades que estamos a considerar. Na CNO de 2011, estas ocupacións pertencen ao grupo de traballadores e traballadoras dos coidados ás persoas, xunto aos traballos de coidados persoais a domicilio (código 571), que se analizan máis adiante. Comparar as características destes dous grupos permite aproximarnos á diferenza entre o emprego vinculado ao coidado a domicilio e o que se realiza nos centros residenciais.

En primeiro lugar, entre as e os auxiliares de enfermaría, e auxiliares de farmacia e emerxencias sanitarias nas actividades de asistencia en centros residenciais, obsérvase unha alta porcentaxe de persoas con títulos de formación profesional de grao medio (45,3%) e superior (18,1%), ademais de contar cunha porcentaxe significativa de persoas con estudos universitarios (14,8%). A existencia de traballadoras con formación primaria ou secundaria nestas ocupacións explícase pola inclusión, no código ocupacional 562, de "outros traballadores de coidados ás persoas en servizos de saúde".

Gráfico 4.10: Distribución estimada dos niveis de formación de empregados e empregadas nas actividades CNAE 871, 872 e 873, ocupacións CNO 561 e 562. Galicia, ano 2019




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Con respecto ao sexo, nestas ocupacións, a feminización é aínda máis pronunciada: a porcentaxe de mulleres alcanza o 98,4% do total de ocupadas e ocupados. Tamén aumenta a porcentaxe de persoas con nacionalidades distintas da española, que ascende neste caso ao 15,3% (gráfico 4.11). Cabe observar que a media estimada de persoas con nacionalidade non española en todas estas actividades era do 12,6% no ano 2019.


Con respecto á temporalidade, as taxas estimadas mantéñense en valores moi similares á media nestas actividades (gráfico 4.12): 34,6%.

Gráfico 4.11: Nacionalidade de ocupados e ocupadas nas actividades CNAE 871, 872 e 873, ocupacións CNO 561 e 562. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Gráfico 4.12: Distribución estimada de contratos indefinidos e temporais de empregados e empregadas nas actividades CNAE 871, 872 e 873, ocupacións CNO 561 e 562. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019


Estes datos axudan a esclarecer algunha características clave do emprego no sector. En primeiro lugar, a asistencia en establecementos residenciais xera emprego nun amplo abano de ocupacións, aínda que a maioría delas están relacionadas coa asistencia directa ás persoas (auxiliares de enfermaría e farmacia, traballadoras e traballadores dos coidados ás persoas), ademais dos servizos de hostalaría e limpeza. Segundo, trátase de ocupacións

extremadamente feminizadas, en particular as de atención directa ás persoas. Terceiro, obsérvase unha alta porcentaxe de persoas con estudos de formación profesional. Os elevados niveis de formación son unha característica das ocupacións de auxiliares de enfermaría e farmacia, e traballadoras dos coidados ás persoas. Cuarto, con respecto ás medias observadas en Galicia, o sector ocupa unha alta porcentaxe de persoas con nacionalidades distintas da española, porcentaxe aínda máis elevado no caso de auxiliares de enfermería e farmacia. Finalmente, a taxa de temporalidade do sector é máis elevada da que se observa para o conxunto dos postos de traballo en Galicia. A elevada temporalidade está confirmada tamén polos datos de rexistro de contratación do Servizo Público de Emprego (SEPE): só no ano 2019, por exemplo, asináronse case 20.000 contratos para unhas 8.700 persoas nesta división de actividade económica.

4.4.- O traballo de coidados desempeñado nos servizos sociais sen aloxamento e nos domicilios

O grupo 881 da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade) tamén abarca ocupacións moi distintas (gráfico 4.13), aínda que máis do 80% das persoas ocupadas nesta actividade están clasificadas como traballadores e traballadoras dos coidados persoais a domicilio (excepto coidadores/as de nenos). É dicir, a maioría dos postos de traballo desta actividade están concentrados en empresas ou outras organizacións que prestan servizos de coidado a domicilio. Hai outras ocupacións de relevo neste sector, mais cunha frecuencia moito menor. Por exemplo, destacan o grupo ocupacional que inclúe a psicólogos e psicólogas, e traballadores e traballadoras sociais (sociólogos, historiadores, psicólogos e outros profesionais das ciencias sociais), seguido do de auxiliares de farmacia e emerxencias sanitarias. Con todo, dada a súa importancia para este grupo de actividades económicas, e a posibilidade de comparación co grupo de traballos dos coidados ás persoas nos servizos residenciais, considéranse a continuación só os traballadores e as traballadoras dos coidados persoais a domicilio (código CNO 571).

Gráfico 4.13: Distribución estimada das ocupacións na actividade económica CNAE 871, 881. Galicia, ano 2019




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

En primeiro lugar, con relación ao nivel educativo (gráfico 4.14), para este grupo ocupacional, a porcentaxe estimada de persoas que alcanzaron, como máximo, a primeira etapa de educación secundaria ou un certificado de profesionalidade, é igual ao 48,6% (as persoas que só alcanzaron a educación primaria representan o 7,2% do total). Ademais, o 13,7% das persoas ocupadas alcanzou, como moito, o bacharelato. A formación profesional de grao medio ou superior é o nivel alcanzado por outro 35,4% da poboación. Finalmente, a porcentaxe de persoas con algunha titulación universitaria non alcanza o 2,5% do total.

A distribución estimada dos niveis educativos é moi diferente á observada para o mesmo grupo de ocupacións nas actividades de asistencia en centros residenciais. É suficiente lembrar que, nese caso, o 63,3% das empregadas alcanzara algún título de formación profesional, fronte ao 35,4% das persoas das traballadoras de coidados persoais a domicilio.


Tamén nesta actividade se observa unha elevada feminización (estímase que o 92,4% das ocupadas son mulleres), e unha porcentaxe de persoas con nacionalidades estranxeiras elevada (11,0%) con respecto á media de Galicia, en particular de fóra de Europa (gráfico 4.15).

Gráfico 4.14: Distribución estimada dos niveis de formación de empregados e empregadas na actividade CNAE 881, ocupación CNO 571. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019


Gráfico 4.15: Nacionalidade de ocupados e ocupadas na actividade CNAE 881, ocupación CNO 571. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Finalmente, obsérvase unha elevada taxa de temporalidade, en comparación tanto coa media de Galicia como coas ocupacións do mesmo grupo nas actividades de asistencia en centros residenciais. A porcentaxe estimada de contratos temporais para estas ocupacións nas actividades de asistencia sen aloxamento ascende ao 43,5%.

Gráfico 4.16. Distribución estimada de contratos indefinidos e temporais de empregados e empregadas na actividade CNAE 881, ocupación CNO 571. Galicia, ano 2019.



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

En resumo, a actividade de servizos sociais sen aloxamento e, en particular, o coidado a domicilio, representan un xacemento crecente de emprego en Galicia. Nos últimos cinco anos, o número estimado de persoas ocupadas nestas actividades pasou de 6776 a 10.598, un incremento do 66%. Case o 87% das ocupadas traballa no sector privado, que rexistrou un incremento do número de persoas ocupadas do 72,1% durante o período sinalado.

As persoas empregadas nos servizos de coidado a domicilio, dentro das actividades de servizos sociais sen aloxamento, non presentan altos niveis de formación. O 60% das ocupadas declara posuír un título de educación secundaria ou un nivel inferior. Como xa se discutiu en capítulos anteriores, é necesario ter en conta que, como norma xeral, as necesidades das persoas dependentes nos centros residenciais son distintas das necesidades das persoas que residen nos seus fogares, en particular pola distinta distribución dos graos de dependencia. Por tanto, na maioría dos casos, é posible que o coidado e a axuda a estas persoas dependentes non requiran os mesmos niveis de formación.

A porcentaxe de persoas ocupadas neste grupo con nacionalidade estranxeira chega ao 11% do total de ocupadas. É unha porcentaxe elevada con respecto á media de Galicia, pero en liña cos resultados observados no sector.

Finalmente, tamén neste caso, a taxa de temporalidade é elevada, e supera tanto á media de Galicia como á media observada para o caso das coidadoras en servizos de aloxamento. Máis de catro de cada dez traballadoras dos servizos de coidado a domicilio teñen un contrato temporal.

O traballo remunerado de coidado como servizo doméstico


Cando unha persoa contrata directamente os servizos dun coidador ou coidadora para si ou para algún familiar, estes/as traballadores/as considéranse como empregados ou empregadas do fogar. De feito, o servizo doméstico pode ser parte integrante dos servizos necesarios para o apoio nas actividades da vida diaria das persoas dependentes. Esta circunstancia fai máis complexa a análise, posto que, no caso de contratación como servizo doméstico, é necesario considerar as actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico (código 970 CNAE). Considerar estas actividades económicas é especialmente relevante. O traballo remunerado de coidado a domicilio contratado polos fogares representa unha proporción importante do emprego no sector. Como observamos, no ano 2019, estaban contratadas de forma regular (afiliacións á Seguridade Social) 26.695 persoas na actividade CNAE 970, cun incremento de máis de 4.400 afiliacións durante o últimos dez anos.

As cifras de afiliación contrastan coas da EPA, a partir da cal se estima que, no ano 2019, en Galicia, traballaban 32.932 persoas na mesma actividade, das cales 27.004 como servizo doméstico e 3.890 como traballadores/as dos coidados persoais a domicilio (excepto coidadores/as de nenos), entre outras ocupacións menos frecuentes. Aínda que os datos dispoñibles non permitan aclarar a causa desta desviación entre afiliacións e declaracións de situación laboral nunha enquisa, o traballo irregular é, sen dúbida, un dos posibles determinantes. Neste caso, o servizo doméstico emerxe aínda máis como un recurso fundamental para o coidado das persoas.

Neste apartado preséntanse algunhas características do traballo que se clasificou baixo o código de actividade 970 a partir da EPA. En primeiro lugar, considéranse as persoas que declararon estar ocupadas como traballadores/as dos coidados persoais a domicilio (excepto coidadores/as de nenos). Considerar este grupo por separado permite poñer de relevo as características diferenciais desta poboación con respecto ás persoas que desempeñan a mesma ocupación no marco das actividades dos servizos sociais.


Á parte do sexo (estímase que máis do 99% das traballadoras dos coidados persoais a domicilio contratadas polos fogares son mulleres), o primeiro trazo que hai que salientar é o nivel de estudo (gráfico 4.17). O 15,6% destas traballadoras non conseguiu ningún título de educación secundaria; o 60% alcanzou, como moito, a primeira etapa da educación secundaria; se engadimos o bacharelato, esta porcentaxe sobe ao 78,4%. Por tanto, con respecto ás demais traballadoras de servizos de coidado a domicilio que levamos analizado para o caso das actividades de servizos sociais sen aloxamento, o nivel de formación destas persoas resulta relativamente máis baixo.

Gráfico 4.17: Distribución estimada dos niveis de formación de empregados e empregadas na actividade CNAE 970, ocupación CNO 571. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

Gráfico 4.18: Nacionalidade de ocupados e ocupadas na actividade CNAE 970, ocupación CNO 571. Galicia, ano 2019



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de poboación activa, ano 2019

A segunda característica salientable é a nacionalidade (gráfico 4.18). Vimos que nas demais actividades analizadas a porcentaxe de persoas con nacionalidade estranxeira é moi superior á proporción de estranxeiros e estranxeiras en Galicia. Neste caso, ascende a case o 40% das coidadoras a domicilio; a maior parte delas ten nacionalidade de países non europeos.

Tamén se observa unha elevada taxa de temporalidade, que alcanza o 36%. Con todo, a devandita taxa non é superior á taxa estimada para o caso das traballadoras de coidados a persoas a domicilio nas actividades de servizos sociais sen aloxamento.

Como se pode observar, este segmento do mercado está constituído esencialmente por mulleres, con niveis de estudos baixos e sen formación específica, moitas das cales non son españolas. A diferenza con respecto ás traballadoras que se dedican ao coidado e á atención a persoas nos centros residenciais e nos servizos sociais é evidente, e pon de manifesto a segmentación do mercado laboral vinculado ás tarefas de coidado persoal. Por unha banda, os servizos de atención en centros residenciais presentan un persoal con niveis de formación elevados, con altas porcentaxes de formación profesional e universitaria. Pola outra, o coidado a domicilio está caracterizado por unha subdivisión entre actividades de servizos sociais, e contratación dos fogares como empregadores de servizos domésticos. Este último segmento diferénciase, con respecto aos outros segmentos, polos niveis de formación máis baixos, a porcentaxe máis elevada de traballadoras estranxeiras e a alta taxa de temporalidade.

As características deste último segmento resultan especialmente relevantes posto que, no ano 2019, as traballadoras dos coidados persoais a domicilio contratadas polos fogares representaban o 26,8% do total de coidadoras contratadas polos fogares ou as organizacións do ámbito dos servizos sociais sen aloxamento. Ademais, a falta de requisitos de formación e o empuxe da poboación estranxeira polo lado da demanda poden favorecer a deterioración das condicións de traballo.

Se se considerase tamén ao emprego doméstico como segmento ocupacional no ámbito dos coidados persoais, varían algunhas das características observadas. Como xa se mencionou, para o ano 2019 estímase a partir da EPA que estaban a traballar como empregadas domésticas 27.004 persoas, case na súa totalidade (99,5%) mulleres. Con respecto a este colectivo, obsérvase en primeiro lugar un nivel de estudos máis baixo con respecto ao das persoas directamente contratadas como coidadoras. Por exemplo, aproximadamente o 20,5% alcanzou como máximo a educación primaria, e o 67,3%, a primeira etapa da educación secundaria. Con respecto á temporalidade, estímase, a partir –insistimos– das declaracións recollidas na EPA, que o 21,1% das traballadoras ten unha relación laboral temporal, un valor máis baixo con respecto ao observado para outras categorías.

En calquera caso, os datos dispoñibles non permiten valorar o axuste do nivel formativo ás necesidades reais da poboación dependente. A poboación maior residente en establecementos colectivos presenta graos de dependencia superiores á media das persoas con dependencia que reside nos fogares de Galicia. De feito, os datos do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos, da Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais (Xunta de Galicia) indican que menos do 10% das prazas dispoñibles en centros residenciais para maiores están reservadas a persoas "autónomas" ou con grao I de dependencia.[6] Así mesmo, o Módulo de Dependencia da Enquisa Estrutural a Fogares permite estimar que polo menos o 40% das persoas dependentes nos fogares de Galicia tería un grao I de dependencia (véxase o capítulo 2). Esta circunstancia pode explicar, polo menos en parte, o maior nivel de formación e profesionalización do traballo nas actividades de coidado en residencias, aínda que non explique a elevada taxa de temporalidade.

A diferenza en niveis formativos entre coidadoras a domicilio nas actividades de servizos sociais, por unha banda, e contratadas como emprego doméstico nos fogares, por outra, apunta, non obstante, a un desaxuste máis difícil de explicar. As persoas con menos recursos económicos poden verse obrigadas a ofrecer unha remuneración inferior. A baixa remuneración, á súa vez, expulsa do mercado as coidadoras profesionais, con niveis máis altos de formación, que teñen a posibilidade de traballar en contornas laborais relativamente máis favorables. A maior presenza de persoal non cualificado exerce unha presión aínda máis á baixa os salarios, o cal contribúe a empeorar aínda máis as

[6] Estes datos son os últimos dispoñibles no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos, Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, Xunta de Galicia. A data do último acceso foi o día 4 de novembro de 2020. Os centros ofrecen directamente estes datos que, por tanto, non son oficiais.

condicións laborais, ata a marxinación que supón o traballo irregular. En conclusión, as persoas dependentes (e os seus familiares) con menos recursos poden verse na necesidade de recorrer ao coidado prestado por persoas con menos formación, e estas traballadoras, pola súa banda, poden verse obrigadas a aceptar condicións laborais desfavorables. En resumo, obsérvase unha segmentación do mercado de traballo que se manifesta en distintas condicións de traballo, distintos niveis de formación e distinta participación da poboación estranxeira.

4.5.- O traballo de coidados a través do servizo doméstico: causas deste xacemento de emprego e a súa relación coas migracións internacionais

Nas últimas dúas décadas a privatización do traballo de coidados que clasicamente se desempeñaba nos fogares por mulleres da familia comeza a cobrar relevancia en España e en Galicia. De súpeto, os parques e as prazas énchense de mulleres acompañantes de adultos maiores que requiren certas axudas e apoios para a realización de actividades básicas da vida diaria. O servizo doméstico é o sector a partir do cal son contratadas e entre estas peculiaridades atópase tamén o feito de que a maior parte destas traballadoras son de orixe migrante. No caso de Galicia, especialmente procedentes de América Latina.

A partir de aí proliferan estudos académicos relacionados con este fenómeno, tentando explicar as causas da súa aparición e os seus condicionantes sociais e económicas. As primeiras análises xorden a partir da segunda metade dos anos noventa e centráronse en relacionar os fluxos migratorios femininos coa demanda de coidadoras e de traballadoras domésticas. É nese momento precisamente en que comeza a conversión de España nun país de recepción migratoria. Nesta etapa aparecen traballos seminais como os de Gregorio (1998) e Oso (1998), que resaltan o papel de España como un país de migración feminina, especialmente chegada desde América Latina, e onde este colectivo se insire de xeito maioritario no servizo doméstico. Outros traballos como os de Escrivá (1998) explican as características laborais desta actividade, as súas condicións coloniais de traballo e as complexas relacións que se establecen entre as empregadoras e as empregadas.

Os traballos de Hochschild (2000) e Parreñas (2001) marcaron un fito neste campo de análise, xa que estas autoras atinaron ao conectar as relacións laborais que subxacen no servizo doméstico coa posición destas traballadoras nos procesos laborais a escala global. No seu estudo da contratación das mulleres migrantes en Estados Unidos para efectuar traballos de coidados a nenos de familias acomodadas, Hochschild (2000) analiza como a delegación das tarefas reprodutivas e domésticas en mulleres migrantes permite a integración de mulleres e homes dos países occidentais nun mercado laboral produtivo con altos salarios. Este proceso é o que a autora denomina como "transferencia do traballo reprodutivo" cuxo proceso se complementa co funcionamento dunhas "cadeas globais de coidados": as traxectorias laborais da poboación autóctona dependen do traballo de coidados no fogar das empregadas domésticas inmigrantes que, á súa vez, son dependentes do traballo de coidados non remunerado que as mulleres da súa contorna

familiar en orixe facilitan aos fillos e maiores non migrados. Créase así unha cadea de dependencia no traballo de coidados de mulleres situadas en diferentes lugares xeográficos, sociais e étnicos. Parreñas (2001 e 2005) na súa análise das experiencias das mulleres como coidadoras de nenos en fogares privados de Los Ángeles e Roma denominou a segmentación deste mercado laboral como "división internacional do traballo reprodutivo".

A partir destas investigacións a análise do servizo doméstico oriéntase especificamente á demanda das tarefas de coidados. No caso de España, o interese céntrase case exclusivamente na maioritaria contratación de coidadoras migrantes no ámbito da atención a persoas maiores nos domicilios privados. Identifícanse como procesos asociados a este fenómeno o incremento da incorporación das mulleres autóctonas ao mercado laboral, a desigual repartición das tarefas reprodutivas entre sexos e xeracións e o avellentamento da poboación (Vega, 2009). Desta maneira, por exemplo, Parella (2003) analiza o papel das mulleres migrantes nos servizos de proximidade na área de Barcelona e sinala a tripla discriminación á que se enfrontan: por seren mulleres, pola súa procedencia étnica e pola súa inserción no servizo doméstico. O Colectivo IOÉ (2005) salienta a relevancia que nese momento estaba a adquirir a demanda de coidadoras migrantes a domicilio nas grandes cidades españolas, presentando datos pioneiros nesta materia. Mentres, Martínez-Buján (2010) profunda en como o servizo doméstico se converteu nun "novo servizo de fogar" ao dispor das necesidades de coidados de maiores e adultos dependentes. Pola súa banda, Díaz Gorfinkiel (2008) analiza as características específicas das cadeas globais de coidados en España, visualizando como a conciliación das familias autóctonas depende da privatización dos coidados no servizo doméstico. Todas estas achegas subliñan a forma en que o coidado de persoas se converteu para as mulleres migrantes na actividade de entrada ao mercado de traballo español, ao mesmo tempo que polas súas carencias de dereitos sociais equiparables ao resto de traballadores, dificultaba o asentamento e a integración do colectivo migrante a longo prazo.

A medida que o sector de coidados no servizo doméstico se configuraba como a fórmula principal escollida polas familias para a privatización dos coidados, novas perspectivas teóricas comezaron tamén a analizar este fenómeno desde outras ópticas. A máis influente a escala internacional é a coñecida como teoría do "coidado social" (Daly e Lewis, 2000) que se dedicou a estudar a "organización social dos coidados", é dicir, o modo en que as sociedades distribúen a provisión da asistencia persoal entre o Estado, o mercado, a familia e a comunidade. As súas análises explican como este sector de actividade se converteu en esencial para o mantemento dos modelos de benestar e é especialmente crucial non soamente para España, senón para todos os países do sur de Europa, que tradicionalmente compartiron un réxime de coidados fortemente familista. Mesmo algunhas autoras utilizan a denominación "unha migrante na familia" (Bettio *et al.,* 2006) para definir a esencia destas políticas de coidados de longa duración.

Na segunda década do presente século a literatura académica incorpora o traballo doméstico como un elemento fundamental na definición dos estados de benestar. No caso español, a literatura explora as contribucións deste sector ás políticas sociais. Por exemplo, León (2010) e Martínez-Buján (2014b) observan como a febleza da rede de

servizos sociais a domicilio e as consideracións culturais de que os "bos coidados" son os efectuados na contorna familiar contribuíron á elevada presenza desta figura de coidadora doméstica. Comézase a considerar, ademais, que non soamente é a ausencia de adecuados programas públicos de coidados de longa duración a que potenciou este mercado de traballo, senón que tamén a filosofía con que se elaboraron as políticas públicas de longa duración tamén xogou un papel relevante. Desta maneira, existen evidencias científicas de que o fomento das prestacións económicas de coidados no fogar (que caracterizou a etapa de implementación da Lei de dependencia en España) activaron a creación dun sector de coidados somerxido ao redor do servizo doméstico e o traballo de mulleres migrantes.

Nos últimos anos, por mor das consecuencias da crise económica e a súa espectacular incidencia tanto no emprego migrante como na constrición do orzamento destinado a políticas sociais, a literatura especializada en coidados, xénero e migracións avanzou un paso máis a través da incorporación do concepto de "protección social transnacional". En concreto, con este termo preténdese afondar na definición dos modelos de benestar que tradicionalmente se ancoraron nos límites territoriais dos estados-nación. Desta maneira, a "protección social transnacional" fai referencia a como as mulleres migrantes activan estratexias de protección social a escala transnacional, que transcenden as fronteiras e as políticas públicas, mentres que elas mesmas cobren as necesidades de coidados contratadas como coidadoras nos fogares. Autores internacionais como Levitt *et al.* (2017) e Faist (2014) xa emprenderon proxectos de investigación que recollen resultados sobre esta liña de traballo. En España é de destacar a implicación de Parella e Esperoni (2018), que establecen un diálogo teórico entre as contribucións dos estudos sobre familias transnacionais, réximes de benestar e coidados para identificar as achegas que este concepto ofrece ao ámbito do xénero e as migracións. Oso e Martínez-Buján (2018) tamén comezaron a traballar timidamente sobre este terreo, destacando o paradoxo de benestar que viven as mulleres migrantes contratadas como coidadoras. A actividade laboral destas mulleres é esencial para as familias autóctonas e para o mantemento dun modelo de benestar pouco consolidado no terreo dos coidados de longa duración. Con todo, ao mesmo tempo están excluídas da protección social formal, posto que traballan na economía somerxida e o sistema non lles garante a cobertura de prestacións sociais públicas. Esta formulación aínda se está a presentar no ámbito académico, mais os seus bos fundamentos teóricos parecen ser un avance máis na comprensión da privatización do traballo de coidados. Neste sentido, os retos futuros das mulleres migrantes coidadoras pasan precisamente pola equiparación total das súas condicións laborais ás do resto de traballadores, así como pola formulación de novas medidas e directrices que encamiñen este emprego cara á profesionalización (Moreno *et al.* 2015). Observemos agora en que punto está este proceso.

4.6. O impacto da Lei de dependencia na xeración de emprego

Neste capítulo constatamos a relevancia do ámbito da dependencia en termos de xeración de emprego. Aínda cos importantes matices que se levan discutido ata o momento, o

coidado de longa duración a persoas dependentes é e será un xacemento moi relevante de emprego para Galicia. O incremento no volume de emprego está vinculado ao aumento das necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida. Porén, tamén observamos un incremento no número de persoas ocupadas nas actividades do ámbito da dependencia por número de persoas maiores. Por tanto, estas necesidades están a recibir cada vez maior atención ou, ao menos, cada vez maior cobertura mediante o traballo remunerado. Como destacaron varios autores e autoras, a Lei de dependencia supuxo un cambio de tendencia na xeración de emprego neste sector (véxase, entre outros, a revisión de Fernández Méndez e outros, 2019). En particular, a súa implementación foi unha oportunidade para xerar emprego non deslocalizable vinculado a necesidades sociais reais. Nesta sección imos discutir o impacto da Lei de dependencia no mercado do traballo. En primeiro lugar, revísanse os traballos existentes que discuten esta cuestión. Segundo, estímase o número de postos de traballos no sector que está relacionado coa implementación do SAAD.

As primeiras estimacións do impacto sobre emprego da Lei de dependencia, que a miúdo se tomaron como referencia nos estudos posteriores, foron as desenvolvidas no *Libro Blanco de la Dependencia* (LBD) do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (2005). Estas estimacións, que axiña se revelaron optimistas, apuntaban a unha xeración de 262.735 empregos directos en toda España, máis outros 60.000 entre indirectos e inducidos, no horizonte temporal 2005-2010. Varios traballos posteriores procuraron corrixir as limitacións do primeiro intento e, en particular, acoutar o volume estimado de emprego.

Para o conxunto de España, as achegas de Herce e outros (2006), Rodríguez e Jiménez (2010), Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (2011), Ramírez (2011), Gómez e outros (2012), Comisión para a Análise da Situación do Sistema de Dependencia (2017) e Fernández Méndez e outros (2019) abordaron esta cuestión mediante distintas metodoloxías. Desde o punto de vista metodolóxico, as máis delas utilizan modelos de coeficientes fixos de emprego, tal e como se fixo inicialmente no LBD. Outros, no entanto, empregan o marco *input-output* de España.

Herce *et al.* (2006) comparan os resultados en termos de xeración de emprego de distintas metodoloxías de estimación. Mediante a explotación do marco *input-output* de España do ano 2000, estiman a creación duns 175.000 postos de traballo directos, máis outros 25.000 indirectos por investimentos en infraestruturas. O uso do modelo HERMIN-España, porén, reduciría as estimacións a 170.000 traballos directos e 20.200 indirectos. Finalmente, a partir de datos de enquisa (Enquisa de apoio informal aos maiores en España 2004 e mais a EPA), a xeración estimada de emprego baixaría ata os 160.000 postos.

As estimacións do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (2011), que tamén utilizan o modelo macroeconómico HERMIN-España, non difiren moito das de Herce *et al.* (2006). A xeración bruta de emprego derivada do novo gasto en atención á dependencia estímase neste caso en 165.000 postos de traballo a tempo completo.

Ramírez (2011) utiliza a metodoloxía do LBD, é dicir, un modelo de coeficientes fixos. Os seus resultados pretenden medir o emprego adicional que se xerou ata xaneiro de 2011 no caso de atender todas as persoas dependentes recoñecidas de graos II e III. Segundo este autor, atender toda a listaxe de espera tería implicado a creación de máis de 45.000 empregos directos adicionais.

Gómez *et al.* (2012), utilizando tamén o modelo HERMIN-España, conclúen que entre 2007 e 2011 os postos de traballo xerados anualmente alcanzarían a cifra de 137.000.

A Comisión para a Análise da Situación do Sistema de Dependencia (2017) estimou que, ata finais de 2015, as afiliacións nos servizos sociais aumentaran ata case 145.000, unha cifra moito máis baixa que a estimada por outros. Entre os determinantes, mencionan a persistencia do limbo de dependencia e a difusión das prestacións económicas.

Fernández Méndez *et al.* (2019) avanzan na liña de estudo da Comisión para a Análise da Situación do Sistema de Dependencia (2017), para explicar as diferenzas territoriais na xeración de emprego. En particular, mediante a aplicación dun modelo de coeficientes fixos, chegan a resultados moi similares aos de Herce *et al.* (2006) con respecto á creación de emprego directo do SAAD tras a súa plena implantación: entre 162.708 e 175.506 postos de traballo brutos directos equivalentes a xornada completa, dependendo do cociente de emprego de axuda a domicilio. Ademais, esta estimación achégase ao incremento de afiliación á Seguridade Social nas divisións 87 e 88 da CNAE entre 2007 e 2015 (170.543). Os resultados de Fernández Méndez *et al.* (2019) implican unha ratio de 0,22 postos de traballo creados por dependente efectivamente atendido. Estas ratios varían considerablemente entre comunidades autónomas. En Galicia, supera os 0,28 postos por dependente efectivamente atendido (Fernández Méndez, 2016). Os mesmos autores propoñen outra medida de interese: a variación do emprego bruto xerado durante a implantación do SAAD con respecto ao existente. Para iso, calculan a relación entre postos brutos xerados e afiliación existente no ano 2009 nas divisións 87 e 88 da CNAE. En Galicia, o emprego bruto estimado vinculado á atención aos dependentes representa o 76,3% das afiliacións sociais existentes nas mesmas divisións a comezos de 2009.

De todos os xeitos, todas as estimacións de impacto da Lei de dependencia sobre o emprego resultaron ser inferiores ás previsións iniciais do *Libro Blanco de la Dependencia.* En xeral, as afiliacións á Seguridade Social foron inferiores ás esperadas. As razóns desta discrepancia atópanse na sobreestimación do uso de servizos especializados por parte da poboación dependente, na reforma do marco regulatorio e mais na existencia do chamado *limbo da dependencia.*

Con respecto á primeira causa, o *Libro Blanco*, a pesar de sobreestimar o número de persoas dependentes en España, supuña que máis do 70% dos dependentes recorrerían a recursos formais de atención e asistencia, máis intensivos en emprego. Porén, a finais de 2018, a proporción de uso de recursos informais seguía representando máis do 30% do total de prestacións. Tamén en Galicia, aínda que a porcentaxe de prestacións económicas sobre o total de prestacións diminuíu de forma considerable ao longo da última década, esta sitúase por volta do 30%.

Outro factor que determinou unha creación de postos de traballo inferior á esperada foi a redución da intensidade horaria na atención a domicilio introducida mediante o RD-lei 20/2012. Esta reforma supuxo unha redución da ratio de empregados por persoa atendida a domicilio. Estímase que, para o conxunto de España, este "efecto reforma" supuxo ao redor do 18% do emprego directo non xerado pola implantación da Lei de dependencia; para o caso de Galicia, esta porcentaxe subiría ao 20% (Fernández Méndez *et al.,* 2018).

A causa máis relevante da reducida xeración de emprego, non obstante, é a existencia do limbo da dependencia. Fernández Méndez *et al.* (2019) estiman para Galicia que este "efecto limbo" constituiría o 80% do emprego directo estimado non xerado durante a implantación da Lei de dependencia. Como se observou no capítulo anterior, a redución do "limbo da dependencia" foi considerable desde o ano 2015, ano de finalización da implantación desta lei. Por tanto, este efecto negativo sobre a xeración foi diminuíndo de forma proporcional.

En suma, a Lei de dependencia comportou un impulso notable á atención á dependencia e á xeración de emprego nas actividades vinculadas ao ámbito da dependencia, tanto en Galicia como en España, aínda que menos do previsto inicialmente. O emprego xerado podería ser aínda maior de non existiren beneficiarios recoñecidos á espera de prestacións, aínda que esta listaxe de espera diminuíu ao longo dos anos, como se observou noutros capítulos deste informe. Finalmente, a difusión das prestacións económicas e, en xeral, dos recursos de atención non formais, supuxo e supón un freo á creación de novos postos de traballo, aínda que esta situación está tamén determinada polas preferencias da poboación dependente e dos seus familiares.

O emprego vinculado ao sistema público de atención á dependencia

A Lei de dependencia e, en particular, o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) constitúen determinantes fundamentais da cantidade, tipo e calidade do emprego xerado. Neste apartado valórase, para o caso de Galicia, a relación entre o SAAD e o emprego no ámbito da dependencia. Para tal fin, seguindo a Fernández Méndez *et al.* (2019), utilízase a mesma metodoloxía do LBD, é dicir, un modelo de coeficientes fixos de emprego. En particular, séguense os seguintes pasos.

1. O punto de partida é o número de beneficiarios e beneficiarias, e a distribución de prestacións en Galicia no ano 2019, que se presentaron no capítulo anterior. É dicir, utilízanse os beneficios e as axudas outorgados no ano 2019 para definir a asignación de recursos do SAAD en Galicia. A este respecto, cómpre establecer unha equivalencia entre o catálogo de prestacións do SAAD e o LBD. A partir da Lei 39/2006 e do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (2005), establécense as seguintes equivalencias entre prestacións:

- LBD: residencia. SAAD: atención residencial + prestación económica vinculada a servizo.

- LBD: centro de día. SAAD: centro de día e noite.
- LBD: axuda a domicilio. SAAD: axuda a domicilio.
- LBD: asistencia persoal para a autonomía. SAAD: prestación económica de asistencia persoal + prevención, dependencia e promoción da autonomía persoal.
- LBD: teleasistencia. SAAD: Teleasistencia.
- LBD: recursos informais. SAAD: prestacións económicas para coidados familiares.

A táboa 4.4 presenta a asignación de recursos no ano 2019 de acordo coa clasificación de prestacións do LBD.

Táboa 4.4: Asignación de recursos no SAAD en Galicia (ano 2019), segundo a clasificación do *Libro Blanco de la Dependencia*

Residencia	Centro de día	Axuda a domicilio	Asistencia persoal para a autonomía	Tele-asistencia	Recursos informais	Total
16402	7345	23884	5260	5667	13069	71627
22.9%	10.3%	33.3%	7.3%	7.9%	18.2%	100.0%

2. Para cada tipo de prestación, aplícanse uns coeficientes de emprego fixos, é dicir, un número de empregados ou empregadas equivalentes a tempo completo requiridos, que proceden da normativa vixente e do LBD.[7] A táboa 4.5 presenta os coeficientes de emprego utilizado nas estimacións. Como se pode observar, establécense valores mínimos e máximos para a axuda a domicilio e a asistencia persoal para a autonomía.

Táboa 4.5: Coeficientes fixos de emprego

Coeficientes de emprego	
Servizo	**Coeficiente**
Residencia	
Gran dependencia	0,47
Dependencia severa	0,45
Centro de día e noite	
Gran dependencia	0,24
Dependencia severa	0,23

[7] As fontes de información utilizadas para a obtención dos coeficientes de emprego son as seguintes: Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade; *Libro Blanco de la Dependencia;* RD 727/2007 e RDL 20/2012.

Axuda a domicilio	
Gran dependencia	0,41 / 0,50
Dependencia severa	0,24 / 0,32
Dependencia moderada	0,07 / 0,14
Asistencia persoal para a autonomía	0,41 / 0,5
Teleasistencia	0,01

3. Aplícanse os coeficientes de emprego á asignación de recursos establecida. Tal e como se fai no LBD, non se inclúe o servizo de teleasistencia como recurso propio, senón que se supón que todos os dependentes menos os que reciben servizo de residencia son usuarios potenciais. Ademais, utilízase a distribución de beneficiarios por grao de dependencia no ano 2019 para a aplicación dos coeficientes de emprego nos servizos que diferencian por grao.

Os resultados das estimacións realizadas indican que, no ano 2019, entre 17.928 e 20.328 empregos equivalentes a tempo completo estarían vinculados á atención á dependencia mediante algún servizo ou prestación do SAAD. Estas cifras supoñen entre 0,29 e 0,33 postos de traballo a tempo completo por dependente efectivamente atendido.

Nas seccións anteriores, estimouse o total de ocupados e ocupadas nas actividades CNAE 871, 872, 873 e 881 en 26.227 persoas. Destas, o 73,6% declarou traballar a xornada completa, e o resto, parcial. Estímase, daquela, que o número de empregadas equivalentes a tempo completo oscilaría, aproximadamente, entre 21.600 e 22.700. Conforme estas estimacións, entre un 80,8% e un 91,6% do emprego no sector estaría vinculado a algún servizo ou prestación do SAAD. Hai que ter en conta, ademais, que non se está a ter en conta o emprego adicional das coidadoras a domicilio empregadas polos fogares como empregadores de servizo doméstico, que se estiman noutras 3.900 persoas.

Unha distinta distribución de recursos entre servizos e prestacións pode ter, evidentemente, unha repercusión directa na xeración de emprego. En particular, o 18,2% das prestacións ou servizos do SAAD consiste en prestacións económicas para coidados familiares, é dicir, vinculadas á atención prestada pola contorna familiar. Posto que estas prestacións non xeran de forma directa ningún posto de traballo, a redución destas prestacións económicas a favor dalgún servizo xeraría postos de traballo. De feito, a difusión destas prestacións económicas xa fora sinalado pola Comisión para a Análise da Situación do Sistema de Dependencia (2017) como unha das causas principais da reducida xeración de emprego.

Por exemplo, no caso extremo de que todas as prestacións económicas deste tipo se dedicasen á axuda a domicilio, segundo o modelo de coeficientes fixos utilizado, estímase que se poderían xerar entre 3283 e 4337 empregos adicionais a tempo completo, o cal suporía un incremento de, aproximadamente, un 20% con respecto ao escenario base.


A consideración deste tipo de escenarios indica, máis aló das cifras concretas, que o modelo de coidado e a distribución de recursos do SAAD afecta de forma moi significativa á xeración de emprego no sector. A substitución dos servizos por prestacións

económicas ás familias que atenden de forma directa aos dependentes reduce o potencial de creación de emprego. Así mesmo, tal e como observamos ao longo deste capítulo, pode afectar na calidade dos coidados, medida mediante o nivel de formación e profesionalización das persoas que prestan os servizos. Por último, cabe destacar, en calquera caso, que o coidado altruísta, prestado directamente pola contorna familiar, pode presentar algunhas vantaxes e, en certa medida, pode responder ás preferencias das familias. A motivación intrínseca dun coidador ou dunha coidadora da contorna familiar pode compensar, aínda que non sempre, a falta de profesionalización. As prestacións económicas poden servir de axuda para compensar este traballo non remunerado.

4.7.- Unha nota acerca da fraxilidade do traballo remunerado no ámbito da dependencia: o caso da COVID-19

A pandemia causada polo coronavirus SARS-CoV-2 afectou especialmente á poboación maior. Estas persoas, xunto coas súas familias e amizades, son as que sufriron as perores consecuencias da crise sanitaria. Todas as persoas que realizan traballos de coidado, remunerado ou non remunerado, tamén tiveron que vivir situacións límite, tanto desde o punto de vista físico como emocional. Avaliar a fondo as consecuencias da pandemia sobre o coidado ás persoas dependentes non é un obxectivo específico deste informe. Neste apartado, non obstante, só queremos achegar unha pequena nota acerca dos seus efectos sobre o emprego desde unha perspectiva moi limitada. É dicir, obsérvase a variación no número de contratos nas actividades e ocupacións que se consideraron ao longo deste capítulo. As características dos contratos que mencionamos, e en particular a alta temporalidade, están asociadas a unha elevada flexibilidade laboral. A consecuencia foi unha reposta moi rápida á pandemia en termos de diminución do número de contratos.

Gráfico 4.19: Contratos rexistrados en Galicia: ocupación CNO 571/división CNAE 88. Número de contratos e variación interanual



Fonte: Elaboración propia a partir de rexistros de contratación do Servizo Público de Emprego Estatal

Co fin de estudar a relación entre pandemia e contratación, preséntanse, a seguir, os datos de contratación mensuais do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Os rexistros de contratación dispoñibles non permiten un nivel de desagregación das actividades económicas máis aló dos dous díxitos da CNAE, é dicir, a nivel de división. Por esta razón, tómanse como referencia as divisións 87 e 88, para as cales se aplican todos os comentarios feitos ata o momento. Con todo, para illar o traballo das coidadoras, na división 88 só se consideraron os contratos de traballadoras dos coidados persoais a domicilio, excepto o coidado de nenos (código 571 da CNO).

O gráfico 4.19 presenta a evolución temporal do número de contratos de traballadores e traballadoras dos coidados a domicilio, nas actividades de servizos sociais sen aloxamento. Para contextualizar os resultados, hai que saber que o número mensual de contratos asinados, en media, durante o últimos cinco anos (antes de xaneiro 2020), achégase a 700 (688). En marzo de 2020, o número de contratos rexistrados baixara a 518 e en abril, a 313. Abril, ata o momento, foi o val na serie de contratación, cunha taxa de variación interanual de –52,8%. A última taxa de variación interanual dispoñible (outubro de 2020) continúa a ser negativa.

Tamén sufriu unha importante diminución a contratación nas actividades de asistencia en centros residenciais. A taxa de variación interanual do número de contratos en abril de 2020 alcanzou o –25,7%. En maio, a diminución da contratación foi aínda máis pronunciada, cunha taxa de variación interanual de –44,2%. Dadas as últimas taxas dispoñibles de variación interanual, obsérvase que o emprego no sector aínda está lonxe de recuperar os niveis pre-crise.

É demasiado cedo para valorarmos se a pandemia suporá un cambio no modelo de coidado. Por unha banda, como se comentou, esta crise demostrou a fraxilidade do sistema, que non puido protexer a poboación que máis o necesitaba dunha ameaza externa. Por outra, a fraxilidade tamén se manifesta na flexibilidade do sector. As dificultades demostradas na protección da poboación maior, así como as condicións contractuais de traballo, permiten elevadas flutuacións no nivel de contratación dos traballadores e as traballadoras do ámbito da dependencia.

4.8.- Algunhas conclusións acerca do emprego vinculado ao ámbito da dependencia

O coidado das persoas en situación de dependencia xerou unha importante demanda de emprego. Se sumamos o traballo remunerado nos establecementos residenciais, o dos servizos sociais sen aloxamento e o traballo das coidadoras de persoas a domicilio contratadas polos fogares de Galicia, o total estimado de ocupados e ocupadas no ano 2019 supera as 30.000 persoas. A estas cifras, ademais, hai que lles sumar o traballo remunerado irregular, e o coidado remunerado non profesional, caso das traballadoras de

servizos domésticos, cuxas tarefas resultan fundamentais para a vida diaria das persoas dependentes.

Gran parte do emprego no ámbito da dependencia parece estar vinculado aos servizos e ás prestacións do SAAD. Isto pon de manifesto, dunha banda, como o feito de considerar a atención á dependencia como un dos alicerces do estado de benestar pode redundar na xeración de postos de traballo asociados a necesidades sociais reais. Da outra, como as decisións acerca da implementación efectiva do SAAD por parte das administracións públicas competentes teñen efectos directos sobre a cantidade e a calidade dos empregos creados, á marxe, evidentemente, da calidade e calidade dos coidados prestados. A asignación de recursos entre servizos e os tipos de prestacións económicas teñen efectos radicalmente distintos sobre a xeración de emprego e as actividades económicas onde se concentran eses postos de traballo. En particular, o recurso ás prestacións económicas para o coidado na contorna familiar pode expulsar o coidado profesional.

Con relación ao papel do sector público, á parte da toma de decisións sobre a asignación de recursos, obsérvase que a maior parte do emprego e, por tanto, dos servizos de atención prestados, se concentran no sector privado. Ademais, o peso relativo do sector privado semella medrar ano tras ano. Esta tendencia obsérvase tanto no coidado a domicilio como na oferta de prazas residenciais e, daquela, no emprego no sector da asistencia en centros residenciais.

Tradicionalmente, como observan Tobío *et al.* (2010), identificáronse dous grupos de persoas que realizan o traballo de asistencia ás persoas en situación dependencia. O primeiro incluiría as ocupacións máis vinculadas á formación regulada (profesionais da medicina, enfermeiras e enfermeiros, traballadoras e traballadores sociais, entre outros). O segundo, as ocupacións para as cales non se require unha formación regulada, é dicir, onde parte relevante da formación se adquiriría no propio posto de traballo.

Neste capítulo observamos que existe unha segmentación do mercado do traballo, coherente con esta división. Os centros residenciais, tamén debido ás características das persoas usuarias, concentran a maior parte das ocupacións que esixen formación regulada. O coidado ás persoas a domicilio, con todo, parece estar á súa vez divido en dous segmentos, ambos caracterizados por niveis de formación inferiores ao do traballo en centros residenciais e elevada temporalidade dos contratos. O primeiro estaría vinculado á prestación de servizos a domicilios mediada por empresas e outras organizacións. O segundo, ao coidado como servizo doméstico. Este último segmento concentra os niveis máis baixos de formación, así como as taxas máis altas de persoas con nacionalidades distintas á española. Estas circunstancias parecen especialmente prexudiciais tanto desde o punto de vista da deterioración progresiva das condicións de traballo, como da calidade dos servizos prestados. Emerxe, neste sentido, a fraxilidade do coidado como servizo doméstico.

Desde unha perspectiva ocupacional, emerxe unha dualidade entre profesionais con formación regulada, dunha banda, e coidadoras con niveis desiguais de formación, da

outra. Este último grupo está constituído precisamente polas traballadoras que están máis en contacto coas persoas dependentes, e que necesitarían máis formación práctica, emocional e relacional. As traballadoras con menores niveis formativos e que sofren máis a precariedade laboral son as que máis contacto directo teñen coas persoas que necesitan coidado. Como observamos, o modelo de coidado elixido e, en particular, a asignación de recursos do SAAD poden alterar a profesionalización do sector e, con ela, a calidade do coidado ás persoas.

Esta segmentación de mercado, en particular o desenvolvemento do coidado como servizo doméstico, viuse favorecida pola chegada de persoas inmigrantes (Tobío *et al.,* 2010). En particular, polo lado da oferta hai un elevado número de mulleres que necesitan traballar, aínda que a prezos moi baixos. Esta circunstancia contribuíu á expansión deste nicho de mercado e, posiblemente, da expansión do traballo irregular. A este respecto, cabe lembrar que os datos analizados fan referencia só ao traballo remunerado regular, amais de que as mulleres empregadas neste sector de forma irregular sofren aínda peores condicións laborais.

Finalmente, é obrigado mencionar que, a pesar da crecente creación de traballo remunerado vinculado ao ámbito da dependencia, a mercantilización do coidado non está exenta de desvantaxes. Os datos analizados non permiten, pola súa natureza, profundar na calidade dos servizos prestados. En particular, resulta difícil valorar a substitución do coidado familiar e altruísta polo traballo de coidado remunerado. No caso do coidado profesional, cabe esperar unha mellora na calidade dos servizos prestados, mentres que o feito de prevaleceren motivacións extrínsecas (neste caso, a necesidade dunha remuneración e dun emprego, moitas veces inestable e precario) sobre as intrínsecas (o coidado dun familiar ou amizade) pode implicar un menor compromiso e dedicación ás tarefas que a persoa dependente necesita. En efecto, obsérvase, a partir do módulo Dependencia da Enquisa estrutural a fogares de Galicia, unha substitución do coidado familiar e altruísta a favor do remunerado. No ano 2007, a porcentaxe estimada de fogares con membros dependentes nos cales as tarefas de coidado as realizaban, de forma exclusiva, familiares, parentes, veciños ou amigos non remunerados, chegaba ao 76,8%. Dez anos máis tarde, esa porcentaxe baixara ata o 66,5%. Como se observou en distintos ámbitos e disciplinas, as recompensas monetarias, que xeran motivación extrínseca, poden desprazar a motivación intrínseca, e o resultado pode ser unha diminución do compromiso persoal (véxase, por exemplo, Frey, 1999, ou Mellstrom e Johannesson, 2008). Noutras palabras, a progresiva difusión das relacións de mercado podería estar asociada a un empeoramento dos coidados persoais. A consideración da perspectiva das persoas dependentes sobre a calidade dos coidados debería ser obxecto de estudo en investigacións futuras.